


(r)

***Sexualidades:
teorías literarias feministas***

Beatriz Suárez Briones

Madrid, Ayuntamiento de Alcalá de Henares/
Centro Asesor de la Mujer, 2003

Teño para min que a devoración é un dos perigos que espreitan na actualidade ás teorías feministas. Devorar sen valorar e debater de vagariño as rodeiras que se foron abrindo desde os anos 70. Devorar e superar todo aquilo que remita a etapas de infinitas e evidentes carencias no que atinxe á situación das mulleres na sociedade, no imaxinario, na *gramática*... para acadar a lume de carozo estadios de normalidade aparente, é dicir, arrumbando os estudos feministas como espacios de discusión epitelial ou de pensamento feble, e deixándose levar pola sensación de que os retos marcados nestas tres últimas décadas son xa proba superada. Devorar e pasar a outra cousa deixándose guiar por un desexo de innovación e diferenciación nas posturas teóricas que podería levar ao pensamento feminista a esquecer, ou cando menos, a desprazar a un segundo plano, o que ten de postura política real e comprometida (e non só como declaración *avant la lettre*). Con isto non pretendo facer aquí unha declaración saudosa do estilo “calquera tempo pasado foi mellor”, senón todo o contrario, porque os feminismos son discursos e posicións dinámicas, polo tanto o tempo presente é moito máis intenso e interesante. Agora ben, as novas propostas só poden avanzar se manteñen a compoñente de compromiso e debate, e desde logo os máis afoutos, os que realmente están aportando elementos novos ao debate, así o fan.

Neste punto das devoracións resulta oportuna e acertada a publicación destas *Sexualidades* de Beatriz Suárez Briones, profesora da Universidade de Vigo, e unha das responsables da Cátedra de Estudos Feministas, xunto con Purificación Mayobre. Suárez Briones encargouse de coordinar, con M. Xesús Fariña, o apartado dedicado á literatura galega no volume VI da *Breve historia feminista da literatura española* dirixido por Iris Zavala, e elas dúas, xunto con Belén Martín editaron *Escribir en femenino* (2000). Investigadora lúcida, afouta e combativa, ten escrito diversos artigos sobre a teoría da sexualidade e a teoría queer e con este *Sexualidades: teorías literarias feministas* acadou o Premio de Investigación María Isidra de Guzmán no ano 2002. A súa rotunda e intensa actividade académica complementase co seu activismo, e hoxe en día é unha das representantes máis destacadas do movemento lésbico e gay en Galicia.

Sexualidades é un libro situado asemade na teoría e na política, que lonxe de caer na tentación da normalidade aparente problematiza o cerne dos estudos feministas dos que proceden os actuais e explica as diferenzas substanciais que hai entre eles. Iso si, a diferenza doutros traballos, non se trata de desmontar as teorías precedentes, senón de explicar a sucesión de posturas como resultado dun diálogo efectivo e mais do avance na toma de posicións, de tal maneira que os debates anteriores son un elo fundamental na historia que se superan nos chanzos seguintes. Non é este o primeiro intento en español de ofrecer unha guía das moitas vías teóricas abertas neste período. Aínda que noutro estilo, circulan xa outros libros, ben útiles, como *Feminismos literarios* (1999), compilado por Neus Carbonell e Meri Torras ou *Feminismo y crítica literaria* (2000), editado por Marta Segarra e Angels Carabí, así como as diversas antoloxías de textos (universitarias) que circulan, normalmente en inglés. Sen embargo hai importantes diferenzas entre estes e este *Sexualidades*: a primeira é que se trata da revisión crítica feita por unha única autora e, a segunda, que o pensamento forte que atravesa todo o libro (daquela, un posicionamento político explícito) harmoniza, sen embargo, cun repaso esclarecedor, rigoroso e académico do transcurso teórico destes anos. Referíame antes á devoración e este libro é precisamente unha dixestión vagarosa e profusamente documentada.

Suárez Briones avisa que esta panorámica de trinta anos do pensamento feminista se centra basicamente no pensamento da diferenza sexual, e dunha maneira prioritaria, do que se produciu nos Estados Unidos. *Sexualidades* ábrese cunha introducción demorada sobre como xorde, como se constrúe e como se lexitiman as teorías feministas desde a segunda onda deica as actuais posicións posmodernas, con continuas e acertadas referencias ás posicións teóricas feministas menos hexemónicas (estudos lesbianos e gays, crítica negra, feminismo do Terceiro Mundo...). Esta contextualización necesaria constitúe un contrapunto teórico que tenta mostrar a multiplicidade de vías posibles no repaso a estes trinta anos, para poder entrar logo no miolo do libro, os dous apartados centrais do libro sobre a articulación da diferenza sexual na teorías literarias dos anos 70 (*segunda onda*), por unha banda, e as dos 80 e 90 (*terceira onda*), por outra. Dous son os aspectos que eu salientaría deste traballo, a súa rigorosidade e a documentación profusa que evitan calquera apriorismo. E o que é máis interesante, a súa visión dos feminismos anteriores, condicionados pola mímese, o esencialismo e a construción do suxeito único muller, faise precisamente desde a ubicación teórica que supera eses estadios anteriores, a única, coido eu, posible hoxe en día: a da *encrucillada identitaria*, ou, noutros termos, a *identidade por posición*. A vontade de ordenación dos materiais desde a súa complexidade é evidente e agradácese. Explica en qué consiste a crítica feminista fronte á xinocrítica, debulla o debate xerado pola crítica psicoanalítica, e por suposto dedica un apartado á crítica literaria lesbiana.

Sexualidades é unha reflexión persoal, comprometida e radical na que se repasan as rodeiras de trinta anos de teorías literarias feministas desde unha posición política moi precisa. Por iso, Beatriz Suárez Briones, tan activa na discusión académica como no debate social e na acción, remata o seu texto superando as teorías de finais do século XX, logo de ben dixerilas, cunha mirada desafiante cara ao futuro inmediato.

El feminismo de los años 1970 supuso un desafío radical contra la posición androcéntrica de universalizar lo masculino. El de los 1980 y 1990 supuso un desafío a las propias posiciones feministas que mantienen que la diferencia sexual es reductible a los pares hombre/mujer, masculino/femenino, y que buscan dar expresión concreta a la formulación del elemento femenino del par. Lo femenino, como lo masculino, es contingente, es decir, un momento histórico del desarrollo de las categorías de sexo y género. Entenderlo así abre las puertas a una revolución cultural sin precedentes.

Agora agradamos polas novas incursións noutros aspectos non tratados do feminismo que a autora promete seguir no futuro.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
Universitat de Barcelona